

BASES DO CONCURSO DE MICRORRELATOS “NON CONTROLES OS MEUS SENTIDOS”

A Deputación da Coruña ven realizando nos últimos anos en diferentes centros de Educación Secundaria o programa de prevención de violencia de xénero **Suprime o Control** dirixido a alumnado de 3º e 4º da ESO. Neste curso académico 2017/2018, xa concluídas as 3 sesións do obradoiro do programa en 14 centros educativos, queremos comprobar o impacto que tiveron as sesións formativas no alumnado a través do **concurso Non controles os meus sentidos**. O título deste concurso fai alusión á famosa canción do grupo *Olé Olé* popularizada nos anos 80 que avoga por unha relación na que o home “non controle a forma de vestir nin a forma de sentir da muller”. A frase “**Non controles os meus sentidos**” servirá de fío condutor para o desenvolvemento do concurso.

PRIMEIRA. OBXECTO

Este concurso organízase para dinamizar aínda máis a participación do alumnado no programa Suprime o Control e para conseguir que a rapazada rache cos estereotipos e roles de xénero tradicionais, que en numerosas ocasións teñen como consecuencia o establecemento de relacións tóxicas, xerando un ideario sobre o amor errado, no que os celos e o control da parella teñen un papel protagonista. Por elo, para fomentar relacións saudables e respectuosas, e facelo dende unha vertente lúdico – educativa, utilízanse dous canais motivadores: a creación literaria dun relato curto e a busca de cancións recentes ou pasadas, que defendan a non violencia e as relacións igualitarias nas súas letras. Desta maneira, os obxectivos que se perseguen son:

- Identificar formas de control nocivas para as relacións de parella.
- Desmitificar as ideas do amor romántico.
- Identificar formas sutís de violencia de xénero.
- Concienciar sobre a importancia da comunicación e da resolución pacífica de conflitos.
- Identificar o potente papel dos medios de comunicación como axentes de socialización, nomeadamente entre as e os adolescentes.
- Fomentar o traballo en equipo e a creatividade grupal.

SEGUNDA. INSTRUCIÓNS

Para levar a cabo este concurso, de seguido ofrécense unha serie de pautas que poden seguir de guía ao alumnado:

1º paso: Ben de maneira grupal ou individualmente, deben buscar unha canción que represente valores en contra da violencia de xénero e/ou das relacións de dependencia. Non importa a década á que pertenza a canción nin o xénero musical (pop, rock, metal, rap, flamenco, copla, reggaeton, etc.). Para obter pistas sobre posibles cancións a utilizar, hai que prestar atención ás diferentes redes sociais asociadas ao programa (**Instagram, Facebook e Twitter**), porque íranse subido diferentes cancións cas que poder traballar.

2º paso: Tomando como base a letra da canción escollida (ou un anaco da mesma) deben transformar esta nun microrrelato, tendo en conta que nalgún momento debe aparecer tamén o lema do concurso “**Non controles os meus sentidos**”. Este microrrelato pode ter unha extensión máxima de **300 palabras**.

TERCEIRA. PARTICIPACIÓN

Pode participar no concurso o alumnado de 3º e 4º da ESO así como os cursos de FP Básica participantes no obradoiro do programa **Suprime o Control** nesta edición 2017 – 2018. Cada alumna e alumno participante soamente poderá presentar un microrrelato, pertencente ao seu grupo de traballo correspondente. O microrrelato presentado debe ser de nova creación, sen que fora premiado con anterioridade en ningún outro concurso. De non cumprir estas premisas, o microrrelato será eliminado do concurso.

CUARTA. PRESENTACIÓN

O microrrelato terá que presentarse, necesariamente, **escrito a ordenador e en galego**, respectando as normas ortográficas e gramaticais. Así mesmo, deberá acompañarse dunha portada, na que apareza o título do

microrrelato, nome e apelidos das persoas que o elaboraron, data de nacemento de tódolos compoñentes, o nome do centro educativo ao que pertencen, o curso e, a lo menos, un teléfono de contacto.

O microrrelato enviarase en **formato Word ou PDF** á **dirección de correo electrónico info@suprimeocontrol.com**, indicando en asunto **“Concurso de microrrelato: Non controles os meus sentidos”**. Para poder participar, necesariamente terase que entregar a **AUTORIZACIÓN** que se anexa firmada por nais, pais ou titores/as legais das persoas participantes. Esta autorización pode entregarse no centro educativo ás e ós titores da aula correspondente, ou pode enviarse xunto co microrrelato por enderezo electrónico. **A data límite para a presentación e envío do microrrelato é o 13 de abril.**

Para resolver calquera incidencia ou aclarar calquera dúbida, está a disposición do alumnado e do profesorado o correo electrónico nomeado con anterioridade.

QUINTA. PROPIEDAD DOS TRABALLOS

Todos os microrrelatos presentados ao concurso quedarán a disposición da Deputación da Coruña, quen poderá publicalos ou facer deles o uso que estime convinte. Todos os dereitos de autoría sobre os traballos quedarán tamén en propiedade da Deputación, ao obxecto da reprodución e difusión que se estime pertinente, citando en todo momento o nomes das autoras e dos autores.

SEXTA. A ELECCIÓN DO MICRORRELATO. XURADO E A DIFUSIÓN

De entre todos os microrrelatos presentados, o xurado seleccionará un. O xurado estará composto por persoal técnico de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, e polo persoal técnico encargado do desenvolvemento do Programa Suprime o Control.

A elección do relato gañador será difundida a través da páxina web do programa www.suprimeocontrol.com, así como tamén a través dos perfís de Instagram, Facebook e Twitter asociados ao mesmo.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións do concurso en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo deserto sempre que conorra causa xustificada. En todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía aos centros educativos.

SÉTIMA. PREMIO

O premio consistirá na adaptación do microrrelato seleccionado a un formato de guión para a realización dunha **CURTAMETRAXE AUDIOVISUAL**, na que poderán participar as persoas que elaboraron o microrrelato gañador, así como as titoras e os titores e demais compañeiras/os da clase que desexen participar.

Esta curtametraxe será producida e editada por unha produtora audiovisual e terá unha duración máxima de 3 minutos. A Deputación da Coruña difundirá esta curtametraxe a través da páxina web Suprime o Control, e das redes sociais vencelladas a este programa socieducativo.

SÉTIMA. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a aceptación das bases. A Deputación da Coruña resérvase o dereito de publicar e difundir os microrrelatos presentados. Igualmente, estes poderán ser empregados en campañas de sensibilización fronte a violencia de xénero, a través de diferentes soportes.

A Deputación da Coruña resérvase o dereito de rexeitar ou excluír da participación no concurso a calquera participante que non reúna os requisitos descritos nas presentes bases e termos de participación, ou non cumpra as normas ou finalidades do concurso.

IMPORTANTE: Para poder participar no concurso é preciso entregar, no centro educativo ou no correo electrónico info@suprimeocontrol.com, a **AUTORIZACIÓN** firmada por nais, pais ou titores/as legais.

AUTORIZACIÓN

Autorización de participación da titora ou titor legal

NOME E APELIDOS DE NAI/PAI/TITOR/TITORA LEGAL QUE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN	
RELACIÓN LEGAL CO/A ALUMNO/A PARTICIPANTE	<input type="checkbox"/> Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a legal
DNI	
TELÉFONO	
AUTORIZACIÓN Á PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MICRORRELATOS NON CONTROLES OS MEUS SENTIDOS ORGANIZADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	
CENTRO EDUCATIVO	
NOME E APELIDOS DO/A ALUMNO/A PARTICIPANTE	
CURSO	<input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO <input type="checkbox"/> FP Básica

DATA	SINATURA PARTICIPANTE	SINATURA NAI/PAI/TITOR OU TITORA LEGAL QUE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN

NOTA INFORMATIVA:

en cumprimento da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, informámolo/a de que os datos persoais desta autorización pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade da Deputación da Coruña, con respecto ao cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado por correo ordinario e dirixido aos Servizos Sociais da Deputación provincial da Coruña (Avenida Porto da Coruña nº 2, 15003 A Coruña) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente. Ao firmar este documento está autorizando a un ou unha menor a participar no concurso de MICRORRELATOS SUPRIME O CONTROL. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases polo que se lle ceden os dereitos para que a deputación poida empregar o traballo para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

Así mesmo, está autorizando á Deputación da Coruña o uso dos datos persoais do/a menor e a súa inclusión na publicidade correspondente con propósitos publicitarios non comerciais e promocionais da Deputación da Coruña no marco do fomento da igualdade de xénero, así como a cesión da imaxe da persoa participante menor de idade no concurso.

*Segundo o disposto no artigo 18 da Constitución, Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e a propia imaxe e a Lei 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.